

Habitantes da area.

A galera é un crustáceo malacostráceo, que vive pegado aos fondos areosos. A velocidade de vertixe, escava galerías cos prodixiosos movementos das súas patas. E remata o traballo trasladando os entullos alí onde non molesten coa axuda de dous potentes apéndices.

Vive nas galerías que escava, e das que sae para buscar alimento: crustáceos, poliquetos e peixes pequenos.

Os seus ollos, de aguda visión e elevados sobre pedúnculos articulados, son a súa principal arma para localizar as súas presas.

Semella incansable, e combuna accións accións que nas construcións humans precisarían de varias máquinas diferentes.

A galera non é o único animal escavador. Con outra técnica, este molusco gasterópodo consegue o mesmo fin: soterrarse e quedar a salvo de depredadores. ¿Ou non tanto?...

Penetrou no territorio da galera, e cando se trata de galerías na area, mellor é non se medir cun mestre de enxeñeiros de armas.

A galera atopa ao intruso no túnel e, como se fose unha pedra máis, sácao sen contemplacións.

¡ E agora un cangrexo! Pero non hai interrupción que escape aos ollos verdes e ás poderosas pinzas da galera. O cangrexo chepudo non é adversario para a galera, aínda que si conseguiu distraela. As relacións entre conxéneres non son sempre o que parecen.

A menudo, los seres que parecen más incompatibles tienen un previsible final juntos.

Estes cangrexos manteñen as distancias e logo achéganse, e o que podería parecer unha provocación insolente, tamén pode constituir un ritual de cortello.

Pero non acaba aquí a fauna da area. As holoturias deambulan sobre a area con movementos lentos namentres recollen partículas dos sedimentos do fondo: éstas adhérense ás papilas que tapizan os tentáculos bucais. Ademáis, poden escavar galerías mediante contraccións do seu corpo.

Pero non sempre anda soa a holoturia. A rubioca é un peixe parásito de cohombros de mar, bivalvos e outros invertebrados mariños, do cal alguns científicos afirman que para acadar a madurez sexual precisa comer gónadas de holoturia, se ben non está comprobado. Pero as gónadas que serán o seu alimento atópanse no interior da holoturia.

A rubioca xuvenil, de corpo alongado e comprimido, translúcido con reflexos arxénteos e áureos, non pode vivir libre. Achégase á boca da holoturia, e cun movemento decidido, cólase dentro do seu anfitrión.

Anfitrión e parásito vagan pola area. Se a rubioca fose un adulto, podería ter vida libre e alimentarse de presas bentónicas.

A holoturia non morre con esta invasión, aínda que se as molestias chegan a ser moitas, ao parecer pode expulsar os seus propios órganos externos co fin de se librar das rubiocas. Logo rexenerará ditos órganos, aínda que é posible que volte ser parasitada.

Malia o que a xente puidera pensar, na antureza non hai bos e malos. Este é un de tantos procesos que na natureza están perfectamente equilibrados e compensados.

Tanto o cohombro como a rubioca desenvolven un papel necesario entre o abano de habitantes da area do fondo do mar.